



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Juanjo Fernández Pérez
Concepción García Lozano

DELEGAN VOTO

Rodrigo Alberte Pivida
Carlos Mollinedo Lois
Antón García Fernández
Arturo Casar Sarasola
Carmen Serra Rodríguez

AUSENTES C.I.

*DS- Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 19 de xaneiro de 2006, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.
4. Informe do CI sobre a solicitude de traslado á Universidade de Vigo realizada por Olga Fontán traballadora do SERVIMAC da USC.
5. Petición para que o CI se manifeste a prol de que os exames das probas de selección que organice a Uvigo se realicen só en galego.
6. Rogos e Preguntas.

A reunión é presidida por Cándido Pérez, Presidente do CI,. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Antón García Fernández que delega en Cándido Pérez, Carlos Mollinedo que o fai en Federico Fernández, Rodrigo Alberte en Chus Losada, Arturo Casar en Juanjo Fernández e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A acta anterior, que correspondente á reunión celebrada o 9 de novembro de 2005, foi enviada con antelación a todos os membros do CI. Tras corrixir algúns erros, a acta foi aprobada por unanimidade.

Informe do Presidente.

Antes de comezar o informe o Presidente dedica unhas palabras en lembranza do recentemente falecido profesor D. José Tojo Suárez e, aceptando por unanimidade a súa proposta, acórdase enviar un escrito de pésame aos seus achegados. Ao rematar da conta do seguinte:

- Da execución dos seguintes acordos:
 - o Da reunión coa xerencia para tratar asuntos do PAS-L
 - o Da reunión conxunta coas Xuntas de Persoal do PAS e do PDI.
 - o Da solicitude feita á xerencia para que axuste a convocatoria de contratación dun TE de Belas Artes ao



recollido no Anexo IV do vixente Convenio Colectivo con expresa petición de que elimine da convocatoria a entrevista. Tamén se da conta do nomeamento de Aser Fernández como representante do CI nesta comisión e a Carlos Mollinedo como suplente.

- o Da comunicación realizada á xerencia para que dote o edificio da Biblioteca do Campus de Ourense dun TESX en quenda de mañá e outro na quenda de tarde.
- Da Comisión Permanente realizada o 19 de decembro de 2005.
- Do programa de promoción do PDI.
- Da paga de produtividade do ano 2005.
- Da actualización do complemento de categoría ao persoal que ocupa postos de funcionario.
- Da excedencia por incompatibilidade concedida a Rosa Fernández Martínez.
- Da reunión que membros do CI mantiveron coa Xefa de Sección do Servizo de RR. HH. Sobre os cambios de quenda e localidade.
- Da contratación do persoal de servizos xerais na biblioteca do Campus de Ourense.
- Da solicitude de traslado realizada por Olga Fontán.
- Do escrito de Pablo Álvarez no que suxire que o PAS-L poida promocionar a prazas de PAS-F.
- Do escrito enviado pola Xerencia sobre os problemas que se deron polo uso que Celsa Corbillón fixo dos seus días de asuntos propios.
- Da publicación da convocatoria de T. Especialista de taller da facultade de Belas Artes.
- Da memoria da Universidade de Vigo do curso 2004-2005.
- Da realización da Comisión Paritaria o día 23 de novembro de 2005.
- Da constitución da Mesa Xeral do PAS o día-----
- Da realización dun Comité de Saúde Laboral o día -----
- Da reunión realizada por membros do CI con persoal do servizo de RR. HH. Para tratar asuntos relativos a xestión de cambios de quenda e localidade.
- Da convocatoria parcial do Concurso de Traslados.
- Da convocatoria da oposición de técnico especialista de transporte e distribución.
- Da instrución enviada pola xerencia sobre a redución de xornada durante o Nadal.
- Do envío por parte da xerencia co calendario laboral de 2006.
- Do crédito orzamentario da Acción Social do ano 2005.
- Da sentenza do TS de Xustiza de Galicia relativa a demanda interposta por Andrés Zapirain contra o proceso de transformación de categorías.
- Da provisión de fondos realizada por unha procuradora en relación co recurso de casación presentando ante o Supremo pola Universidade de Vigo tras a senteza do TSXG que obriga a institución a pagar en igualdade de condicións os trienios ao persoal contratado.
- Da resposta dada pola xerencia e a administradora dos centros de Torrecedeira ao escrito enviado polo Presidente do CI en relación coa compensación dos sábados traballados polo persoal de conserxería.



- Do programa de promoción do PDI enviado pola vicerreitoría de profesorado.
- Do comunicado realizado pola UGT o 18 de novembro de 2005.
- Da apertura do edificio da delegación da reitoría no Campus de Pontevedra.
- Da memoria do Consello Social do ano 2005.
- Da apertura da biblioteca de Torrecedeira os fins de semana.
- Do escrito enviado polo persoal de servizos xerais do edificio do CACTI.
- Do escrito enviado polo persoal dos servizos xerais do Campus Vello de Ourense.
- Da reunión mantida coa xerencia o 18 de novembro para tratar os seguintes asuntos:
 - o Constitución da Mesa Xeral do PAS.
 - o Paga de produtividade do ano 2005.
 - o Do concurso de traslados do persoal laboral.
 - o Da convocatoria da Comisión Paritaria do Iº Convenio.

2. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Acción Social:** Victoria Alonso pregunta cando vai a saír a convocatoria de acción social do ano 2005. Cándido Pérez lle contesta que o vicexerente está traballando nela.
- **Tribunais:** Ábrese un debate sobre as recusacións ao informar Marcos Estevez sobre un problema que se da nun tribunal no está en representación do CI. Aser Fenández, pregunta si se pode convocar una reunión dunha comisión de selección nun día festivo na Universidade. Tamén da conta que na selección do Programa Comunica RR HH enviou a documentación pechada en sobres. Manuel Velasco, informa das dificultades que vai a dar corrixir o segundo exame de ATID da promoción libre.
- **Formación:** Dáse conta de que, malia telo dito na Mesa Negociadora, o xerente non convocou a Comisión de Formación nos últimos meses do ano.

3. Proposta Informe do CI sobre a solicitude de traslado á Universidade de Vigo realizada por Olga Fontán traballadora do SERVIMAC da USC.

Ábrese un debate sobre este asunto e a primeira conclusión a que se chega é que a peticionaria non pode participar no concurso de traslado ao impedilo a propia convocatoria.

Con respecto a petición de traslado provisional se recorda que neste momento só existe unha praza da categoría de técnico especialista de audiovisuais, non obstante hai unha petición de ampliación a dúas prazas na Facultade de Ciencias Sociais (unha de mañá e outra de tarde) e outra petición da Facultade de Belas Artes para que se cree alí outra máis.

Por último, e como conclusión, o CI informa favorablemente ao traslado provisional sempre e cando sexa para cubrir unha praza de nova creación.



4. Petición para que o CI se manifeste a prol de que os exames das probas de selección que organice a Universidade de Vigo se realicen só en galego.

Manuel Velasco argumenta que despois de case vinte e cinco anos de Estatuto de Autonomía no que se recoñece que a lingua propia de Galicia é o galego, a lingua segue sen estar plenamente normalizada. É máis, a política de normalización aplicada ata agora non fixo que o galego, sobre todo nas cidades, estivera ao mesmo nivel que o castelán. Lé tamén, a viva voz, o artigo 4.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo que di o seguinte: *“A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.”*

Subliña, por último, que para chegar ao uso pleno é preciso tomar iniciativas como a que propón.

Cándido Pérez, apoia a iniciativa destacando que a lingua de relación da administración da universidade é o galego. Asegura que tal e como o proban moitas sentencias unha medida deste tipo é totalmente constitucional, para rematar esta intervención considera que este sería un paso máis para que o galego estivera plenamente normalizado.

Conchita García, defende que todos teñamos as mesmas oportunidades pois hai persoas que non son galego falantes e terían problemas para preparar os procesos de selección da Universidade.

Aser Férnandez, intervén para dicir que lle alegraría que foran só en galego mais propón que en vez de defender a exclusividade se defenda a preferencia.

Federico Fernández, alega que se a proba de selección esixe desenvolver un tema o candidato/a terá sempre a posibilidade de expresarse na súa lingua de preferencia, emporiso non ve ningún impedimento para que os exames de selección se fagan exclusivamente en galego.

Victoria Alonso, tamén apoia a iniciativa e afirma que é un xeito de facer que o galego se use pois de sabes que o exame vai a ser en galego os opositores o van a preparar neste idioma.

Chus Losada, defende a tese de que o galego non ten a vitalidade que debiera ter lembrando que aínda hoxe en día hai cidadáns que en Galicia non poden casar na súa lingua materna ao descoñecerla o xuíz.

Por último, Marcos Estevez sinala que aínda que en principio non estaba de acordo agora considera que o galego, para estar en igualdade de uso que o castelán, necesita defensores.

Esgotado o debate, o Presidente propón votar a petición dándose o seguinte resultado:

A favor	9
En contra	1
Abstencións	2

Queda polo tanto aprobado que o CI se manifesta a prol de que os exames das probas de selección que organice a Universidade de Vigo se realicen exclusivamente en galego.

Nota do secretario: Destacar que entre os apoios a esta iniciativa hai representantes dos tres sindicatos existentes no CI

5. Rogos e preguntas.



Aser Fernández, pregunta pola situación da biblioteca da Escola de Enxeñería Industrial e Minas na quenda de tarde. Afirmar que a xerencia non contesta nin formal nin informalmente sobre as necesidades de persoal que se dan nesta dependencia.

Con respecto a obriga de abrir os sábados o persoal de conserxería asegura que non está disposta a asumir culpas que non lle corresponden.

Así mesmo, solicita que o plan piloto das bibliotecas para abrir os fins de semana se estenda a Pontevedra.

Por último, pregunta pola situación de Andrés Mariño, TEB, de momento xubilado que presentou unha demanda contra a Universidade para poder postergar a idade de xubilación.

Marcos Estevez, solicita que ao persoal que traballa nas bibliotecas os fins de semana se lle dea a posibilidade de completar as 35 horas semanais para cobrar o mesmo salario que o restos dos TEBs.

Tamén solicita que o libro no que se recollen os orzamentos da Universidade para o 2006 se lle achegue ao CI e ás seccións sindicais.

Con respecto ao persoal de conserxería do CACTI pide que o Comité de Prevención avalíe estes postos xa que están a manexar materiais perigosos.

Roga, asemade, que se convoquen dunha vez as prazas de actividades culturais.

Remata as súas peticións comunicando que anda a procura de sinaturas os técnicos especialistas de biblioteca para que asinen un escrito no que se pide que se reserve o 50% da oferta de prazas de axudante de biblioteca para a promoción deste colectivo.

Cándido Pérez, con respecto a este último asunto comunica que xa ten falado desa posibilidade con Xan Cebro o Presidente (en funcións) da Xunta de Persoal.

Conchi García, da conta dun documento elaborado polo persoal das conserxerías do Campus de Ourense que farán chegar aos negociadores do II Convenio.

Acordos.

- Emitir informe favorable a petición de traslado realizada por unha traballadora do Servimac da Universidade de Santiago, sempre e cando sexa para ocupar provisionalmente unha praza de nova creación.
- Enviar un escrito á xerencia para comunicarlle que o CI se manifesta a prol de que os exames das probas de selección que organice a Universidade de Vigo se realicen exclusivamente en galego.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)